



Concello de Castrolverde

Expediente: 51/2024

Procedemento: Contratación de persoal. Aprox Rural 2024

Asunto: Selección de persoal

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/A **CONDUCTOR** DE TRACTOR-DESBROZADORA PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE INTERESE XERAL OU SOCIAL: "LIMPEZA DE CORTALUMES E PISTAS FORESTAIS"

1) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal, en réxime de dereito laboral e a xornada completa, dos seguintes postos de traballo, para a realización do servizo de interese xeral ou social: "limpeza de cortalumes e pistas forestais"

- 1 condutor de tractor- DESBROZADORA

A contratación está subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ó abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprox rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024.

Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as, as seguintes: concretamente roza, limpeza e taluzado na marxe de pistas e cortalumes.

2) MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS.-

O modelo de contrato de traballo previsto será necesariamente mediante a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (codigo: 405), a xornada completa. A duración do contrato será de nove meses, tendo en conta que os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención (número de expediente TR351G 2024/00000044-02) e de acordo coa orde reguladora da mesma.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo completo.

3) REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.





Concello de Castroverde

- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Figurar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

4) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

En cumprimento do establecido na citada Orde do 26 de decembro de 2023, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, poderán presentarse a este proceso selectivo os/as aspirantes preseleccionados logo da presentación, por parte deste Concello, da Oferta na Oficina de Emprego de Lugo SUR.

Os interesados estarán inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados debendo estar dispoñibles para o emprego.

- a) Número de candidatos a remitir:

Mínimo: 2

Máximo: 10

En función do establecido no artigo 14 da devandita orde, os traballadores e traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán participar na presente convocatoria.

Neste procedemento non se admitirán as solicitudes dos interesados que non fosen previamente seleccionados pola Oficina de Emprego de Lugo.

5) PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección consistirá na realización dunha proba práctica con tractor - desbrozadora.

Esta proba terá carácter eliminatorio. Valorarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para





Concello de Castrolverde

superala obter un mínimo de 10 puntos.

A proba realizarase o día 8 de maio de 2024 no Concello de Castrolverde, ás 11:00 horas, no Mercado Gandeiro do Concello Castrolverde, sito en Rúa da Feira.

O resultado final do proceso será a puntuación obtida polo/a aspirante; de producirse empate na puntuación, estarase ao establecido no artigo 14.5 da Orde do 26 de decembro de 2023.

6) TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O Tribunal Cualificador estará constituída por:

Presidente/a.- Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a.- Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais.- Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 245 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Castrolverde e na súa páxina web (www.concellodecastrolverde.gal), así como a lista de admitidos e excluídos.

Na devandita resolución indícarase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

7) PROPOSTA DE SELECCIÓN.-





Concello de Castrolverde

O Tribunal Cualificador publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web, a relación de aspirantes ao posto de traballo coa puntuación provisional acadada, por orden de puntuación.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado ao Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

A selección recaerá nos aspirantes que obteñan maior puntuación. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

8) RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

Á vista da proposta do Tribunal Cualificador e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

9) NORMATIVA.-

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación.

En canto a posibilidade de dirimir as controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

10) RECURSOS.-

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Castrolverde, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Castrolverde e na súa páxina web, ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro do Concello de Castrolverde e na súa páxina web, na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

O Alcalde-Presidente

Xosé M^a Arias Fernández

Castrolverde, na data da sinatura electrónica á marxe





Concello de Castrolverde

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE CASTROLVERDE, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE CASTROLVERDE, con domicilio social na Praza do Concello s/n.- 27120.- CASTROLVERDE.- LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE CASTROLVERDE, calquera modificación que se produza nos datos achegados.

